



WOS Festival x SON Estrella Galicia completa a súa programación musical con novas estreás a nivel estatal e cun fondo compromiso coa diversidade de orixes e de xénero

BFlecha b2b Mwëslee, Carrier, Heinali & Adriana-Yaroslava Saienko, Grand River & Abul Mogard, Ivy Barkakati b2b Breixo Martínez, KAVARI, Klein, KUNTARI, Malandrómeda & Caamaño, Niecy Blues, Purelink, Rainy Miller, Saint Abdullah, Eomac & Rebecca Salvadori, Sara Persico & Mika Oki e ZULI pechan o line up

Coas novas confirmacións, WOS Festival suma outras oito premieres de discos, directos ou concertos audiovisuais en España, ademais de catro novas estreás en territorio galego

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2025.- WOS Festival X SON Estrella Galicia completa o cartel da súa oitava edición con 15 novas incorporacións, que sumarán novos rexistros e experiencias durante a celebración do evento, que terá lugar do 11 ao 14 de setembro en Santiago de Compostela. Do relato compartido de Carrier á fisicidade de ZULI; do encontro sonoro entre Grand River & Abul Mogard ao xesto radical de Klein, este anuncio confirma a aposta de WOS pola diversidade tanto de orixes coma de xénero, e a súa consolidación como o festival do país máis conectado á electrónica de vangarda e exploración sonora.

Desta quenda, WOS Festival suma oito estreás en España. Santiago de Compostela é a cidade escollida por artistas internacionais de referencia para presentar os seus novos traballos e directos con visuais; é o caso de Carrier (Rhythm Immortal, con visuais de Riyo Nemeth), da escocesa KAVARI (premiere estatal do novo EP este outono), da londinense Klein (co seu último traballo thirteen sense), dos norteamericanos Purelink (co seu segundo LP, Faith), da tríade Saint Abdullah, Eomac & Rebecca Salvadori (coa súa performance audiovisual A Forbidden Distance), e dos concertos audiovisuais de Sara Persico & Mika Oki (Sphaïra), do inglés Rainy Miller (Joseph, What Have You Done?) e do exipcio ZULI (Lambda).

Ademais, será a primeira ocasión que se poida ver en Galicia o novo directo do dúo ucranío Heinali & Andriana-Yaroslava Saienko, presentando Гільдеґарда, ou o da norteamericana Niecy Blues co seu Exit Simulation. Tamén será a estreá galega da proposta inmersiva In uno spazio immenso, o primeiro proxecto colaborativo entre Grand River & Abul Mogard e que conta co deseño de luces de MFO (Marcel Weber); e do EP LAHAR, dos indonesios KUNTARI.

Finalmente completan o cartel tres propostas galegas sobranceiras do talento de proximidade. Por unha banda, BFlecha b2b Mwëslee, cun dj set deseñado especialmente para WOS polo 15º aniversario do selo Arkestra. Pola outra, Ivy Barkakati b2b Breixo Martínez, unha confluencia americana e galega nada en Barcelona. Completa a tríade Malandrómeda & Caamaño, proxecto musical que Hevi



(Malandrómeda) e Sabela Caamaño (Caamaño & Ameixeiras) darán a coñecer en Santiago.

Estes 15 nomes súmanse aos confirmados con anterioridade pola dirección do festival, como son Abdullah Miniawy, aya & MFO present hexed!, Batu, Beatrice Dillon, Carme López, CCL, Djrum, Lord Spikeheart, Los Thuthanaka, Masayoshi Fujita, Nazar, Objekt, Simo Cell e Tarta Relena.

WOS Festival X SON Estrella Galicia

WOS Festival x SON Estrella Galicia é o festival referente no ámbito da música electrónica e de vangarda a nivel estatal e festexará a súa oitava edición en Santiago de Compostela do 11 ao 14 de setembro. Ao longo de catro xornadas, o evento promovido pola produtora compostelá WORK ON SUNDAY ofrecerá unha programación coidada, multidisciplinar e de notable calidade artística, na que participarán numerosas figuras recoñecidas internacionalmente en máis de dez espazos emblemáticos da cidade, desde teatros e igrexas ata clubs e lugares inesperados. O vindeiro mes de setembro, o WOS reactivará a cidade cunha perspectiva única sobre o son e a cultura contemporánea.

O evento, recoñecido como Mellor Festival Indoor de Europa 2018 nos European Festival Awards, e que nos Iberian Festival Awards obtivo Mellor Promoción Turística 2018 e Mellor Festival Indoor Nacional 2023, conta co patrocinio principal de SON Estrella Galicia e co apoio institucional da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia -no marco de Concertos do Xacobeo-, Deputación da Coruña e Concello de Santiago de Compostela; ademais de Gadis e Fundación Japón, Madrid.

Novas confirmacións WOS 2025

BFlecha b2b Mwëslee

Carrier presents Rhythm Immortal

Heinali & Andriana-Yaroslava Saienko present Гільдеґарда

Grand River & Abul Mogard present In uno spazio immenso

Ivy Barkakati b2b Breixo Martínez

KAVARI

Klein

KUNTARI

Malandrómeda & Caamaño

Niecy Blues

Purelink

Rainy Miller presents Josehp, What Have You Done?

Saint Abdullah, Eomac & Rebecca Salvadori present A Forbidden Distance

Sara Persico & Mika Oki present Sphaïra

ZULI presents Lambda



Abonos Festival Pass e Weekend Pass á venda en dice.fm e ataquilla.com

Sala de prensa https://cutt.ly/WOS2025_press

Contacto de prensa

Lucía Pita | 675 404 321 lucia@workonsunday.es